

## **Descontos do 40% aos grupos organizados que viaxen en tren para visitar a Cámara galega**

Un convenio entre o Parlamento de Galicia e Renfe-Operadora permite ofrecer descontos do 40% sobre a tarifa vixente para os grupos organizados de persoas que utilicen o tren para desprazarse a Santiago e visitar a sede da Cámara lexislativa galega.

Estes descontos do 40% sobre a tarifa base aplicaranse para os trens de media distancia convencional que operan en Galicia e estarán en vigor catro días á semana, de luns a xoves.

Para beneficiarse deste desconto, os interesados deberán acreditar que teñen concertada unha visita ao Parlamento de Galicia, que pode xestionarse por teléfono, correo electrónico ou a través da páxina web da institución: [www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal). Será de aplicación para grupos integrados por un mínimo de 10 persoas.

A sede do Parlamento de Galicia atópase a escasa distancia da estación de ferrocarril de Santiago de Compostela.